

007508 14.12.2009 14:32

**RESOLUCIÓN REITORAL DO 11 DE DECEMBRO DE 2009, SOBRE TRABALLOS DE FIN DE MÁSTER EN TITULACIÓNS DE POSGRAO REGULADAS POLO REAL DECRETO 1393/2007**

A resolución reitoral do 2 de abril de 2007, pola que se desenvolve o regulamento de posgrao oficial fixo unha primeira regulación dos traballos de fin de máster realizados ao abeiro do Real Decreto 56/2005.

En concreto no seu artigo 9.4 sinala que:

*“Para o caso de proxectos, traballos, teses de Máster, memorias, ou similares farase unha acta individual co nome do alumno/a e o tribunal ou responsables da avaliación. Esta acta permanecerá aberta ata que se produza a efectiva avaliación. A acta pecharase ao remate do curso académico agás petición expresa á Secretaría Xeral solicitando novo prazo de avaliación.*

*No caso de que existan varias convocatorias de avaliación para a presentación dos traballos, deberán comunicarse á Secretaría Xeral os prazos, a efectos de fixar, mediante instrución, os prazos de apertura e peche das actas individuais.*

*Para estes efectos, os responsables do POP comunicarán ás UUXA correspondentes que o traballo foi admitido para a súa defensa, indicando data e tribunal, no seu caso.*

*Os responsables académicos deberán comunicar á Secretaria Xeral calquera peculiaridade de avaliación como consecuencia do réxime específico establecido no marco dos convenios interuniversitario”*

Pola súa banda, o Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, regula a nova estrutura dos plans de estudos de titulacóns adaptadas ao EEES e establece no seu artigo 15 sobre *Directrices para o deseño de títulos de Máster Universitario:*

*2. Los planes de estudios conducentes a la obtención de los títulos de Máster Universitario tendrán entre 60 y 120 créditos, que contendrá toda la formación teórica y práctica que el estudiante deba adquirir: materias obligatorias, materias optativas, seminarios, prácticas externas, trabajos dirigidos, trabajo de fin de Máster, actividades de evaluación, y otras que resulten necesarias según las características propias de cada título.*

*3. Estas enseñanzas concluirán con la elaboración y defensa pública de un trabajo de fin de Máster, que tendrá entre 6 y 30 créditos.*

Deste xeito, a regulamentación propia debe ser adaptada ao Real Decreto e debe establecerse unha regulación uniforme para todos os másteres tendo en conta a implantación dos mesmos.

Esta regulamentación debe resolver a complexidade administrativa que se pode derivar dos traballos de fin de máster nunha norma concreta como se fixo no seu día cos proxectos e traballos de fin de carreira para as titulacóns de primeiro e segundo ciclo mediante a Resolución Reitoral do 13 de outubro de 1998, regulación en parte recollida nas Normas de Xestión Académica.

POR TODO O INDICADO, ESTA REITORÍA RESOLVEU:

PRIMEIRO.- OBXECTO

Esta resolución ten por obxecto a regulación dos traballos de fin de máster en titulacións adaptadas ao EEES e que outorguen títulos ao abeiro do Real Decreto 1393/2007.

SEGUNDO.- MATRÍCULA

A matrícula realizarase nos prazos establecidos para a matrícula ordinaria, conxuntamente coas materias que teña pendente de superar para completar os estudos do Máster, de ser o caso.

A matrícula dará dereito a unha soa presentación do traballo e reportará os prezos públicos establecidos.

No caso de que o alumno ou alumna non se presente á convocatoria para a presentación do traballo no curso no que estea matriculado ou non o superase, o alumnado deberá formalizar nova matrícula e aboar os prezos correspondentes aos créditos de fin de máster nos cursos académicos seguintes.

TERCEIRO.- REALIZACIÓN E PRESENTACIÓN DOS TRABALLOS FIN DE MÁSTER

Os traballos fin de máster deberán ter un director ou directora que será o que asista na dirección ao estudante. Tamén poderá nomearse un codirector coas funcións que determine a Comisión Académica.

Para a presentación e defensa pública dos traballos fin de máster será requisito necesario ter superadas todas as demais materias do máster.

CUARTO.- TRIBUNAIS

Cada comisión académica do máster determinará a composición dos tribunais encargados de avaliar os traballos de fin de máster.

Os traballos serán avaliados por un tribunal composto por tres profesores da USC que impartan docencia na titulación, do que non poderá formar parte o director ou directora do traballo.

O Tribunal poderá invitar ás deliberacións ao director/a do traballo e ao codirector ou codirectora, e a profesores especializados na materia que se estea a avaliar, en calidade de asesores, con voz pero sen voto. Poderá constituírse Tribunal único para a avaliación dos traballos da mesma convocatoria.

No caso de másteres interuniversitarios a composición do Tribunal poderá incorporar a profesores do máster alleos á USC.

## QUINTO.- CUALIFICACIÓNS

Os traballos deberán ser cualificados conforme ao establecido nas Normas de Xestión Académica e terán as seguintes cualificacións:

- 0-4,9: Suspenso (SS)
- 5,0-6,9: Aprobado (AP)
- 7,0-8,9: Notable (NT)
- 9,0-10: Sobresaliente (SB)

Unha vez celebrada a última convocatoria para a presentación dos traballos de fin de máster do curso académico, e tendo en conta os traballos presentados, poderá outorgarse “matrícula de honra” a aqueles traballos de alumnos e alumnas que obtiveran unha cualificación superior a 9, sen que o número de matrículas de honra poida exceder do 5% do alumnado matriculado en Traballo Fin de Máster nesa titulación, no correspondente curso académico. Se o número de alumnos/as é inferior a 20, poderase outorgar unha matrícula de honra.

Naqueles másteres nos que se constituíra o Tribunal único en todas as convocatorias, será este Tribunal único o que outorgue as matrículas de honra que correspondan.

Cando se constituán distintos tribunais para avaliar os traballos de fin de máster, será a Comisión Académica, unha vez avaliados todos os traballos polos tribunais correspondentes, a que decida e outorgue as cualificacións de matrícula de honra que correspondan.

Tanto no caso de Tribunal único como de varios tribunais, a concesión das matrículas de honra farase constar nunha acta elaborada ao efecto que será asinada polo coordinador ou coordinadora do máster e que será remitida á Unidade de Xestión Académica correspondente para que o faga constar no expediente do alumnado.

## SEXTO.- CONVOCATORIAS

O alumnado terá unha única convocatoria e unha única oportunidade por curso académico.

A comisión académica do máster establecerá as datas de presentación dos traballos dentro do curso académico, e ao final de cada período de docencia do máster: febreiro, xullo e setembro.

A convocatoria de febreiro só será un período ordinario de avaliación para os máster que rematen no primeiro cuatrimestre. Noutros casos, para acudir a esta convocatoria será necesario que sexa a única materia que lle reste para rematar a titulación sempre que estea matriculado dela nese curso académico.

A convocatoria de xullo poderá iniciarse dende que finalice o período de docencia do segundo cuatrimestre segundo o calendario académico.

Na convocatoria de setembro a presentación de traballos fin de máster e a avaliación deberá realizarse sempre antes do inicio do curso académico.

O número máximo de convocatorias que poderá consumir o alumnado será de catro, a razón dunha por ano e sempre que non se extingan os estudos. Neste suposto, estarase ás normas de extinción do plan.

Unha vez formalizada a matrícula, non procederá a devolución dos prezos aboados no caso de non presentarse.

Para poder realizar unha nova convocatoria será necesaria a formalización de nova matrícula.

#### SÉTIMO.- ACTAS

Elaborarase unha acta individual por cada alumno/a e traballo no que constará o Tribunal cualificador e o título do traballo defendido, así como a súa cualificación e a data de defensa.

As actas estarán asinadas polos membros do Tribunal que sexan profesores da USC e polo coordinador/a do Máster.

En caso de imposibilidade de asinar a acta por algún dos membros do Tribunal da USC que realizaron a avaliación, esta circunstancia porase en coñecemento da Secretaría Xeral e será tramitada sempre que a asinen o/a coordinador/a do Máster. No caso de imposibilidade do coordinador/a, substituirase por quen designe a Secretaría Xeral. En todos os casos, farase constar dita incidencia na correspondente dilixencia.

As actas estarán abertas e deberán ser cubertas nos seguintes períodos:

- Dende que finalice o período de docencia do segundo cuadrimestre segundo o calendario académico ata o 30 de xullo
- Setembro: do 1 ao 30 de setembro
- Febreiro do 1 ao 20 de febreiro (ver punto sexto)

Só nas titulacións interuniversitarias ou conxuntas e no caso dos Programas de Erasmus Mundus, poderán establecerse períodos diferentes de avaliación, en función dos acordos debidamente acreditados entre universidades ou do establecido nos correspondentes planos de estudos. Nestes casos deberase solicitar anualmente a correspondente autorización para a apertura das actas á Secretaría Xeral.

No caso de máster interuniversitario que incorporen profesores alleos a USC nos membros do tribunal, as actas deberán ser asinadas só polo coordinador ou coordinadora do máster na USC.

O alumnado matriculado que non optara por ningunha das convocatorias, figurarán na última convocatoria do curso nunha acta conxunta coa mención "non presentado" que deberá ser asinada polo coordinador ou coordinadora do Máster.

#### OITAVO.- ALUMNADO DE INTERCAMBIO

Os alumnos e alumnas de intercambio poderán matricularse desta materia. O seu réxime será o establecido no Regulamento de Intercambios de Estudantes da USC.

Para os efectos da determinación do número de matrículas de honra estarase ao establecido nos artigos 10.6 e 15.4 da referida norma.

#### NOVENO.- ENTRADA EN VIGOR

A presente resolución entrará en vigor ao día seguinte ao da data de rexistro de saída.

#### DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogadas cantas normas se opoñan á presente Resolución, en particular non será de aplicación a resolución reitoral do 2 de abril de 2007 para titulacións que outorguen títulos ao abeiro do Real Decreto 1393/2007 do 29 de outubro, nin as normativas internas dos másteres, que deberán adaptarse no prazo de tres meses dende a entrada en vigor desta Resolución.

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2009

O REITOR



Senén Barro Ameneiro